

**XORNADAS
A PROL DA
IGUALDADE
E
PERSPECTIVA
DE XÉNERO**



INDICE:

1. MARCO ACTUAL E REVISIÓN SOBRE O SISTEMA COEDUCATIVO PARA LEVAR A CABO ACTIVIDADES QUE INTEGREN A PERSPECTIVA DE XÉNERO

2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

3. CONTIDOS E METODOLOXÍA

4. DESGLOSE DE ACTIVIDADES

5. CUSTOS

6. REVISIÓN E AVALIACIÓN

7. PARTICIPACIÓN DE OUTRAS ENTIDADES OU INSTITUCIÓNS NA EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

8. DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E/OU ALUMUNADO

1.MARCO ACTUAL E REVISIÓN SOBRE O SISTEMA COEDUCATIVO PARA LEVAR A CABO ACTIVIDADES QUE INTEGREN A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dende fai anos faise patente unha revisión organizativa e metodolóxica acerca dos novos modelos educativos que inclúan e desenrolen estratexias reais coeducativas que teñan como obxectivo levar a cabo elementos transversais que atinxan á perspectiva de xénero e igualdade de oportunidades posto que todas elas pasan polo elemento didáctico. Teorízase moito sobre a importancia da igualdade de oportunidades pero, realmente, o modelo coeducativo vese afectado por unha serie de trabas que dificultan visibilizar a muller nun mundo marcado, maioritariamente, polos roles patriarcais. É necesario, pois, facer unha revisión e analizar a casuística que nos leva a esta situación e que, a grandes rasgos, é herdeira dun sistema que mal interpreta e obvia o papel das mulleres en moitas áreas e, dun mesmo xeito, non define o necesario entendemento entre homes e mulleres para acadar a tan necesaria igualdade de oportunidades.

É por iso que neste proxecto queremos poñer de manifesto e reavivar o protagonismo das mulleres nestas sesións para que sexan un exemplo real e tanxible e poidan trasladar a súa experiencia e as súas vivencias.

Partimos, polo tanto, dunha base real e non teórica. Unha base de carne e óso con distintas visións e puntos de vista cuxas traxectorias vitais levaron a estas persoas a pelexar polos seus dereitos cambiando e levando a cabo estratexias para visibilizar e homoxeneizar as súas situacións en postos considerados ou reservados para compañeiros de profesión.

Podemos dicir, polo tanto, que esta acción formativa que levamos a cabo nestas xornadas está fundamentada na vivencia dunha serie de persoas que non teorizan nin defenden ningún modelo, pero si que defenden os seus intereses en igualdade de condicións e que son un exemplo a dar a coñecer de quen traballa polos seus soños rompendo moldes, etiquetas e que visibiliza dun xeito real ás mulleres realizando tarefas a priori asignadas á exclusividade do sexo masculino. Queremos, polo tanto, que os participantes (alumnado) vexan que do outro lado hai verdadeiras loitadoras e heroínas, tomen o seu exemplo e pelexen polos seus soños posto que a única limitación sempre é darse por vencido.

2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

No seguinte documento levaremos a cabo un plan de formación no que se recolle o por qué de cada actividade, as súas vinculacións, cómo o imos levar a cabo e, o máis importante, que esperamos obter.

Somos conscientes de que, como entidade organizadora destas actividades, recae sobre nós unha responsabilidade perante do noso contratista, así como do público en xeral, máxime cando os destinatarios desta acción son un alumnado cuxas idades están comprendidas entre os 3 e os 12 anos e as súas familias. A isto debemos sumarlle as características especiais do centro ao cal vai dirixido que conta cun total de 27 alumnos e alumnas, o cal supón un reto para encontrar actividades que se poidan desenvolver neste contexto.

As actividades que expoñemos fundaméntanse baixo a premisa coeducativa da igualdade de xénero e da visibilización e trasmutación das mulleres como pedra angular do desenvolvemento tanto persoal como das súas interaccións co resto da sociedade. Esta perspectiva de xénero supón entender o papel da muller como un papel activo, comprometido en perseguir unha causa fundamentada na igualdade, no entendemento e na convivencia. Polo tanto, damos cabida aos elementos característicos que fundamentan este proxecto, que se basean na igualdade de oportunidades, empoderamento da muller, perspectiva de xénero e acción coeducativa facendo especial fincapé en que a consecución destes logros se basea en que a outra parte (colectivo masculino) entenda estas premisas, as comparta e participe activamente nelas posto que outro dos elementos fundamentais é a convivencia xa que o plano igualitario converge no entendemento mutuo e en estratexias conxuntas de éxito, algo que queremos trasladar tamén ao alumnado masculino, non debendo ver estas xornadas como algo exclusivo das súas compañeiras, senón como algo que afecta tanto a homes como a mulleres por un ben común.

3. CONTIDOS E METODOLOXÍA

A través destas xornadas educativas en perspectiva de xénero queremos facilitarlle ao noso alumnado un punto de vista reflexivo poñendo o centro na importancia da muller como constructo social, sendo un elemento necesario que non pode ser obviado nin menosprezado. Trasladar isto a un plano de idades tan curtas é complexo, de aí que os contidos sexan tratados dunha maneira máis ampla precisando en cada momento aqueles detalles máis valiosos ou aspectos acordes ao seu rango de idade.

Contidos

- A perspectiva de xénero como elemento integrador.
- O papel da muller na sociedade actual.
- Mulleres ao poder: “casos reais”.
- Coeducación nas aulas. O deporte como exemplo.
- Igualdade de oportunidades.

Dados os contidos, expoñeremos brevemente a metodoloxía. Esta vai ser multidisciplinar, transversal e que permita o cumprimento dos obxectivos fixados resumíndoos en tres: o descubrimento, o entendemento e a colaboración. Queremos, polo tanto, que a metodoloxía sirva para que o alumnado vexa as desigualdades arbitrarias que padecen as súas conxéneres masculinas e que papel poden ter para eliminalas. Para visibilizar isto levaremos a cabo unha metodoloxía participativa e ecléctica cunha base ao descubrimento guiado e á exposición directa. O uso das Tic nestas idades fai que isto sexa máis ameno e divertido. Así, recurriremos a ela en certas sesións, destacando a realidade aumentada, as instrucións en código qr, así como un uso da tecnoloxía máis xeneralista como as proxeccións e láminas interactivas, especialmente na primeira xornada. Tamén as empregaremos na difusión e promoción das actividades.

4. DESGLOSE DE ACTIVIDADES

Desenvolveremos este proxecto en catro xornadas cunha duración estimada de 2 horas.

Xornada 1: Mulleres ao poder.

Nesta xornada queremos destacar os esforzos das mulleres nunha sociedade patriarcal, o seu papel como forza viva e activa que camiña cara a igualdade real e legal entre homes e mulleres, necesaria para que a nosa sociedade avance en positivo e non quede ancorada nese pasado patriarcal.

As monitoras encargadas de impartir a actividade comezarán preguntándolle aos nenos/as e ás familias asistentes se coñecen e que citen mulleres que na actualidade está ocupando cargos importantes xa sexa no mundo da política, empresarial,....

Unha vez exposta esta batería de ideas, formaranse 3 grupos. Cada grupo con axuda de medios informáticos(portátil, tablets), buscará información acerca de diferentes mulleres que ocupan cargos de especial relevancia. Un grupo encargarse de buscar información de mulleres

xornalistas, outro de mulleres no ámbito das Forzas e Seguridade do Estado e o terceiro grupo sobre mulleres bombeiras.

Con toda a información recabada elaborarán unha presentación interactiva que logo lle explicarán ao resto dos asistentes, realizando unha posta en común para finalizar a actividade.

Para o desenvolvemento desta actividade contaremos con 3 monitoras que lle axudarán á hora da búsqueda de información e da elaboración da presentación.

Data de celebración: 24 de setembro de 2022 de 14:00 a 16:00

Xornada 2: Na élite do deporte.

Se na xornada 1 tratábamos o papel da muller en diversos eidos laborais, nesta xornada queremos destacar o seu papel no mundo deportivo. Faremos unha posta en común entre todos/as os asistentes(alumnado e familias) acerca de que deportes se consideran masculinos e cales femininos. De todos eles elixiremos 3 deportes.

Coa axuda de internet buscaremos información acerca da diferenza que hai nos deportes elixidos si quen o practica é unha muller ou un home: diferenza de salarios, número de competicións que se realizan, número de practicantes a nivel rexional, nacional, internacional,...

Esta xornada xa vai gañando dinamismo xa que, levaremos a cabo exercicios deportivos que teñen por obxecto analizar as diferentes reaccións por parte dos nenos e as nenas ante quecementos de certos deportes, nas que se empregará diversidade de material.

Para o desenvolvemento desta xornada contaremos coa participación de 3 monitoras deportivas. Dúas delas encargaranse dos grupos dos nenos/as que estarán divididos por idades e outra estará co grupo de adultos para un mellor desenvolvemento das actividades prácticas.

Data de celebración: 14 de Outubro 2022 de 16:00 a 18:00

Xornada 3: Proxección da película: “ En tierra de hombres”.

Quizais sexa esta a xornada mais representativa da predominancia do traballo masculino en detrimento da igualdade de oportunidades e nas limitacións e trabas que se lle poñen as mulleres para o acceso a certos tipos de traballo. Todo recollido na película onde tamén se reproduce a lacra do acoso laboral. Reforzado o termo da mesma co posterior debate acerca da mesma, que os nenos/as mostren as súas opinións.

Data de celebración: 28 de Outubro de 2022 de 16:00 a 18:00

Xornada 4: O mundo da inxenería e o motor.

Nesta xornada introducíronos noutros dous mundo onde a presenza feminina segue sendo minoritaria como é a Inxenería e o Motor.

Os prexuízos e os estereotipos de xénero seguen afastando ás nenas e mulleres das carreiras científicas. Unha das principais razóns polas que as nenas e adolescentes non se senten atraídas por estas carreiras ou profesións son os estereotipos que se interiorizan na infancia.

O principal motivo é a falta de referencias femininas no campo da ciencia. A pouca visibilidade das mulleres nas áreas científicas provoca pouco interese por parte das mulleres novas.

A través desta xornada queremos transmitirle aos nenos/as que o ser muller ou home non debe limitar á hora de elixir unha profesión si realmente lle gusta.

Para o desenvolvemento desta sesión contarase con tres monitoras que por grupos introducirá ao alumnado no mundo das mulleres científicas, a través do libro recentemente publicado pola Editorial Galaxia: Pioneiras da ciencia en Galicia, na súa sección de feminismos.

A continuación, realizarán unha parte máis práctica, tamén divididos en 3 grupos, onde contruirán diferentes coches de xoguete con material diverso (cartón, botellas de plástico, pilas, baterías,...) e diferentes maneiras de propulsión.

Unha das monitoras practica motocros. Mostrará a súa moto de competición aos participantes e realizará unha pequena demostración.

Data de celebración: 11 de Novembro de 2022 de 16:00 a 18:00

5. CUSTOS

Ver presuposto desglosado

6. REVISIÓN E AVALIACIÓN

No remate das xornadas levaremos a cabo un pequeno cuestionario que nos permita avaliar o grao de interacción e coñecementos impartidos que sirva, do mesmo xeito, para ver o grao de acerto en canto aos criterios e os obxectivos fixados. Interésanos saber se os participantes entenderon e comprenderon a importancia das medidas adoptadas en canto ás actividades tratadas en perspectiva de xénero, si serviron para fomentar, fixar e promover estratexias de cambio que fomenten unha actitude de igualdade e procura da equidade en calquera eido social no referente á procura de oportunidades entre homes e mulleres.

7. PARTICIPACIÓN DE OUTRAS ENTIDADES OU INSTITUCIÓNS NA EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

- ✧ **Clube Kung Tai (Lalín).** Xornada teórico-práctica. Charla informativa dirixida aos pais/nais de como detectar o acoso escolar. Obradoiro práctico de Autodefensa infantil enfocada ao acoso escolar. Será impartido por Alba Iglesias: Xuíz - Árbitro Rexional de Kung Fu (Federación Galega de Kung Fu), Cinto Negro III Nivel de Kung Fu, Curso Defensa Persoal Policial (Federación Galega de Kung Fu) , licenciada en Psicoloxía,...
- ✧ **Clube Rugby Coreti Lalín.** Charla e obradoiro a cargo de Marta Varela Fernández: árbitra na LGR,, xogadora do clube ,que recentemente se acaban de proclamar campioas galegas da LGR.. Este ano foi premiada en Lalín nos Premios ás Mulleres Maruja Gutiérrez na categoría “Mulleres en Movemento”.
- ✧ **Aranes Asociación de rapaces e amigos con necesidades especiais (Lalín).** Charla“ Experiencias e Vivencias dunha nai con fillos con necesidades especiais”.
- ✧ **Clube de pesca deportiva Río Deza.** (Silleda). Charla: “ Unha muller no mundo da pesca” e obradoiro sobre manexo e técnicas de pesca.

- ✧ **Club de Vuelo Libre Norte Mallado** (Muxía). Charla a cargo de Leonor Sánchez, unha das primeiras mulleres que practicou parapente en Galicia, ex-membro da Federación Aeronáutica de Galicia. Se as condicións o permite, exhibición de material.

8. DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E/OU ALUMUNADO

A información e difusión das actividades será realizadas mediante cartelería, mercadotecnia do evento e promoción.

Ademais a Ampa conta cun blog, onde se difundirán todas as actividades organizadas:

<https://colexiodedozon.blogspot.com/>., vinculada á Web do Ceip Pío Cabanillas Gallas

Redes sociais: <https://www.facebook.com/polocolexio.piocabanillasgallas.9>,

https://instagram.com/ampapiocabanillasgallas?utm_medium=copy_link

As actividades serán presenciais, sempre que a situación sanitaria o siga permitindo.

Se por calquera circunstancias algunha familia non poidese asisitir e as quería seguir de forma online, poñeremos á súa disposición diversas plataformas educativas de videoconferencia dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Univesidade como:

- ◆ Falemos: <https://falemos.edu.xunta.gal>

E outras de carácter xeral como:

- ◆ Cisco Webex.

- ◆ Zoom

Antes do comezo das actividades impartiríase unha charla informativa do seu uso e funcionamento.